

O BALLET GALEGO REY DE VIANA no MUSEO DAS MARIÑAS (Concello de Betanzos)

O **Ballet Galego Rey de Viana**, fundado en 1949 por José Manuel Rey de Viana, realizou a súa primeira representación pública na cidade da Coruña en 1955, despois de seis anos de ensaios. Neste momento perfilouse xa o que sería para sempre o estilo propio do Ballet, ó amosar un conxunto de danzas procedentes das montañas e das zonas costeiras galegas, nas que se mesturaba ó mesmo tempo o folclore tradicional coa visión orixinal e particular que sobre a danza tiña José Manuel Rey de Viana.

A tarefa de dignificación e exaltación das antigas danzas galegas para acadar expresións estéticas de validez universal foi o obxectivo perseguido tanto por José Manuel Rey de Viana coma por Victoria Canedo, mestra de baile.

Para logralo, Rey de Viana comezou o seu traballo percorrendo toda Galicia para recuperar, con total respecto as características autóctonas, as danzas, lendas e tradicións nas que se reflectía o carácter do pobo galego, material que logo recrearía en coreografías propias. Tamén levou a cabo unha investigación profunda da indumentaria e vestuario das distintas zonas de Galicia a través do tempo. O resultado desta pescuda foi unha coidada recuperación dos traxes de finais do século XVIII, de cores vivas, executados en seda e bordados con pedras de acibeche finamente labradas, etc.



O Ballet iniciou a súa andaina cun total de 36 persoas, das que 24 integraban o corpo de baile. Deu os seus primeiros pasos por distintos escenarios da xeografía galega, para pasar despois á nacional e internacional. A grande oportunidade chegoulle en 1959, cando a compañía obtivo o Primeiro Premio Cidade de Cáceres nun festival de danza hispanoamericana, organizado polo Instituto de Cultura Hispánica en Madrid.

En 1961 comezaron as actuacións fóra das fronteiras españolas: Venecia, San Remo, Bruselas, Amberes, Scholen, Schveningen, Dublín... aínda que o espaldarazo definitivo chegoulle en 1964, cando o Ballet actuou durante tres meses no Teatro do Pavillón Español na Feira Mundial de Nova York. En 1969 o **Ballet Galego Rey de Viana** representou a Galicia, por vez primeira, no Festival Internacional Céltico celebrado en Quimper (Francia), no que participou fronte a outros competidores procedentes de Irlanda, Escocia, Gales, Illa de Man, Cornualles e Bretaña. Os bailaríns regresaron a Galicia co título de «Primeiro Ballet Folclórico do Mundo». Ademais, o Ballet obtivo outro grande éxito na súa extensa xira pola antiga Iugoslavia, en 1967, onde actuou en 52 cidades.

O **Ballet Galego Rey de Viana** foi aplaudido polo público de países dos catro continentes e ten no seu haber máis dunha vintena de primeiros premios no ámbito da danza internacional. Nas máis de 40 coreografías diferentes nas que baseou o seu repertorio advírtese unha mestura de arte popular e refinada sensibilidade, o que facía de cada actuación un espectáculo da máis elevada categoría estética.

A Deputación Provincial da Coruña asumiu a xestión e mantemento do Ballet de 1971 a 1990. Desde aquí e ata 2006 integrouse no IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), organismo adscrito á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Logo do pasamento de José Manuel Rey de Viana en 1995 e coa fin de dotar de continuidade á obra do fundador, pasou a desempeñar o cargo de directora do Ballet, Victoria Eugenia Canedo, ata ese momento mestra de baile.

O Concello de Betanzos, a través do Museo das Mariñas, desde o 4 de maio de 2007, hónrase en gardar a memoria deste fito da cultura galega. A sementeira está feita, só queda esperar.

Alfredo Erias